



DATOS IDENTIFICATIVOS

Tradución Idioma 2, II: Portugués-Español

Materia	Tradución Idioma 2, II: Portugués-Español			
Código	V01G230V01513			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego Outros Portugués			
Departamento				
Coordinador/a	Ferreiro Vázquez, Óscar			
Profesorado	Ferreiro Vázquez, Óscar			
Correo-e	oferreiro@uvigo.es			
Web	http://http://paratraduccion.com/limiares/oscar-ferreiro-vazquez/			
Descrición xeral	O obxectivo desta materia é aprofundar na tradución con opción de portugués-español. A ensinanza pretende ser unha continuidade eficaz e, asemade, unha emulación das actividades de tradución e paratradución propias desta combinación lingüística.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que os estudantes demostran posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
C2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
C17	Capacidade de tomar decisións
D2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Analizar textos na lingua do Idioma II, identificar as especificidades lingüísticas e de xénero textual, así como os referentes culturais e de civilización do país orixinario dos textos para comprendelos completamente.	A1 A2 A4	C2 C17	D2

Contidos

Tema	
Exercicios de pretradución baseados nas catro competencias definidos no nivel B1/B2 do MCERL.	- Comprensión escrita - Comprensión oral - Expresión escrita - Expresión oral
Tradución de textos históricos e culturais do espazo lusófono	- Fragmentos de guías turísticas - Páxinas web - Textos institucionais dos países da CPLP
Particularidades xerais da combinación lingüística	Especificidades derivadas do español e portugués.

Recursos e procedementos de tradución	Catalogación Caracterización
Prácticas de tradución	Textos procedentes de diversas variedades do sistema lingüístico portugués, con especial atención a textos históricos contemporáneos. Simulacro de xestor/a de proxectos e traballo en equipo (fases de tradución e revisión de textos traducidos de compañeiros e compañeiras).
Dicionarios e fontes documentais	Papel Formato dixital

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	4	24	28
Resolución de problemas de forma autónoma	44	78	122

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Explicación da programación docente e avaliación desta materia
Resolución de problemas de forma autónoma	Resolución individual de casos/situacións máis habituais na práctica profesional, con orientación docente, co obxectivo de fomentar a autonomía persoal.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas de forma autónoma	O docente estará a disposición do alumnado nas aulas ou no horario de titorías para resolver as dúbidas que poidan xurdir en relación aos contidos da materia.
Actividades introdutorias	O docente estará a disposición do alumnado nas aulas ou no horario de titorías para resolver as dúbidas que poidan xurdir en relación aos contidos da materia.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Resolución de problemas de forma autónoma	a) Realización de actividades que reproducen as características do labor profesional. Estarán dirixidas á elaboración, por medio das TICS, de exercicios de auto aprendizaxe da materia e serán de carácter acumulativo. Estarán distribuídas regularmente ao longo do período docente, presencial ou non presencial, en datas que serán comunicadas ao principio do curso polo profesorado responsable da avaliación. b) Realización dun exame con dicionario baseado nos textos obxecto dos encargos	a) 30+30 + b) 40	

Outros comentarios sobre a Avaliación

Existen dúas modalidades de avaliación. Na avaliación continua o/a estudante dispón da posibilidade de ir superando a materia por medio da avaliación de traballos e encargos realizados ao longo do período lectivo canda un exame global. No caso de non entregar nas datas indicadas os traballos de auto aprendizaxe e/ou encargos correspondentes, ou en caso de detectarse plaxio ou copia nalgún dos encargos, traballos ou probas o/a estudante perderá a oportunidade de realizar a avaliación continua.

Na segunda modalidade, de avaliación o/a estudante dispón da posibilidade de dar conta da materia por medio dunha única proba ou tarefa. Esta consistirá na realización dunha tarefa de tradución e/ou traballo de auto aprendizaxe para entregar na data establecida no calendario de exames da FFT canda un exame global que se desenvolverá de modo presencial na data indicada no calendario de exames da FFT. En caso de ser detectada e comprobada a existencia de copia ou plaxio nalgún dos encargos, traballos ou probas, o/a alumno/a perderá a oportunidade de examinarse na convocatoria correspondente.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Antônio Houaiss, **Dicionário Houaiss da Língua Portuguesa**, Rio de Janeiro / Editora Objetiva, 2001
Isaac Estraviz, **Dicionário Estraviz em Linha (www.estraviz.org)**,
Gomes Ferreira, A. Y J. Nunes de Figueiredo, **Compêndio de Gramática Portuguesa**, Porto Editora, 20105
Cunha, Celso, **Nova Gramática do Português Contemporâneo**, Lexikon Editorial, 2015
Bechara, Evanildo, **Moderna Gramática Portuguesa**, Nova Fronteira, 2015

Bibliografía Complementaria

Dicionário visual Verbo Português-Francês-Inglês, Lisboa/São Paulo: Verbo,
Academia das Ciências de Lisboa, **Dicionário da Língua Portuguesa Contemporânea**, Lisboa / Editorial Verbo, 2001
Fábio Marzano, **Dicionário Português-Espanhol de Falsas Semelhanças**, Rio de Janeiro / Campus, 2001
Heloísa Gonçalves Barbosa, **Procedimentos Técnicos da Tradução: Uma Nova Proposta**, Campinas - São Paulo / Pontes Editores, 2004
Dicionário on line de português de Brasil,
Dicionário on line de português de Brasil,
Dicionário on line de português de Brasil,
Dicionário on line de português de Brasil,
Dicionário on line de português europeu,
Dicionário on line de português europeu,
Dicionário on line bilingües,
Dicionário on line bilingües,
Dicionários on line de português,
Dicionários on line de português,
Dicionários on line de português,
Dicionários on line de português,
Dicionários on line de português,
Dicionários on line de português,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Tradución idioma 2, I: Português-Español/V01G230V01416

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Introdución á teoría da tradución e a interpretación/V01G230V01210
Tradución idioma 2, I: Português-Español/V01G230V01416
Tradución idioma 2, I: Português-Galego/V01G230V01415

Outros comentarios

Considérase básico cursar previamente con nota positiva todas as materias non optativas de Idioma I: Português e Tradución Idioma I: Português-Galego ou Português-Español.

Ao respecto do estudantado de intercambio, será preciso un nivel de B2 en português.

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un 0 nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o estudantado da súa responsabilidade neste aspecto.

Na avaliación terase en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

É responsabilidade do estudantado consultar os materiais dispoñibles na plataforma MOOVI (novidades, documentos, cualificacións) e estar ao tanto dos avisos e das datas de realización das diferentes probas